

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE OUTUBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. LICENZA DE OBRA.

1.1.- Acordouse corrixir un erro material no informe técnico de data 11/08/2015, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 24 de agosto de 2015 (punto 2.2 da acta - licenzas de obras – **exp. 7987/15**), de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo o informe do técnico de data 05/10/15.

2.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha finca con**



Secretaría Xeral

referencia catastral 0822801NH7202S0001SD, sita en Somoza, Botos, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 120,20 euros. Consta no expediente o ingreso realizado o día 29/09/2015 na Tesourería municipal polo concepto e importe detallado no parágrafo anterior

2.2.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha finca con referencia catastral 0722901NH7202S0001QD, sita en Somoza, Botos, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 120,20 euros. Consta no expediente o ingreso realizado o día 02/10/2015 na Tesourería municipal polo concepto e importe detallado no parágrafo anterior.

3.- LICENZA DE ACTIVIDADE.


3.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE para explotación de cebo de becerros nunha nave existente na finca con referencia catastral rústica polígono 121 e parcelas 260 e 261, sita en Rodelas, Maceira, Lalín.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

4.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reparación e limpeza de petos de cuberta no EDIFICIO SITO NA RÚA B NÚMEROS 75 E 77, RÚA F, NÚMEROS 31, 33 E 35 E RÚA C, NÚMEROS 46, 48 E 50 DE LALÍN (“URBANIZACIÓN AS LAGOAS”), e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 29/09/15 por importe de de 174 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Tamén consta no expediente a constitución de fianza na tesourería municipal por importe de 5.000 euros.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.-Acordouse aprobar a Memoria denominada “RECRECIDO PAVIMENTO PISTA DO SOUTO-XAXÁN”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal con data de 27 de maio de 2015, autorizar e comprometer un gasto por importe de 46.100,00 € máis a partida de 9.681,00 €, correspondente ao IVE, con cargo á aplicación



Secretaría Xeral

orxamentaria 153.1.619.25, para realizar ditas obras e contratar coa empresa **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**, a realización da citada obra por importe total de 55.781,00 € (IVE incluído). Así mesmo, acordouse nomear Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a D. José Varela Calvo, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal e notificarlle o presente acordo.


5.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**SERVIZOS DE TELEFONÍA E INTERNET DO CONCELLO DE LALÍN**” (CSE152015) - **Lote 1: Servizos de telefonía fixa e internet; Lote 2: Servizos de telefonía móbil: voz e datos**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 24.500 €/anuais (IVE incluído) para o Lote 1 e de 30.000 €/anuais (IVE incluído) para o Lote 2 e un prazo de execución de 3 anos, prorrogables por un ano máis e aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

5.3.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**SERVIZO DE REPARACIÓN DO SISTEMA DE CONTROL E XESTIÓN DE PAGAMENTO, ACCESO E SEGURIDADE DO APARCAMENTO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN**” (CSE142015), mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 25926,67 € (IVE incluído) e un prazo de execución de 15 días hábiles, e aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

6.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

6.1.- Acordouse corrixir o acordo adoptado na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 24 de agosto de 2015 en relación ás bases de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre de tres (3) prazas da categoría de policía locais como funcionarios de carreira deste Concello.

6.2.- Acordouse a recuperación e abono do 26,23 % da paga extra non percibida en decembro do 2012, ao persoal funcionario e o persoal laboral deste Concello, en canto exista dispoñibilidade orxamentaria, declarar o dereito do persoal do Concello, no ano en curso e seguintes, ao desfrute de 2 días adicionais de permiso por asuntos particulares ao ter cumprido o sexto trienio e 1 día adicional máis por cada trienio cumprido a partires do octavo. Así mesmo desfrutarase de un sexto día de asuntos particulares no ano 2015 e



Secretaría Xeral

seguintes, tanto para o persoal funcionario como laboral, e recoñecer o dereito ao disfrute de 4 días adicionais de vacacións, no ano 2015 e posteriores, en función do tempo de servizo prestado.

6.3.- Acordouse recoñecer a un traballador municipal a súa xubilación laboral con data 25 de outubro de 2015 no Concello de Lalín así como os seus servizos prestados a este Concello de Lalín agradecendo expresamente o seu traballo durante este tempo da súa vida laboral.

6.4.- Acordouse aprobar a acta de selección emitida polo tribunal cualificador do proceso para a contratación de dous/dúas titores/as de inserción laboral para o desenvolvemento do programa integrado para o emprego “Emprende Lalín Xove”, segundo as bases de selección aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 07/09/2015, e proceder á contratación con data de 14 de outubro de 2015 das candidatas propostas.

7.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 9 de outubro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas polos seguintes importes: **Relación 1, 82.074,74 euros, Relación 2, 24.400,20 euros, e Relación 3, 32.302,86 euros.**

8.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

8.1.- Acordouse a devolución e cancelación de avais depositados na Tesourería Municipal pola empresa SYMATEC, S.L polos importes de 1.589,70 euros, 1.638,90 euros, 1.663,50 euros e 98,81 euros , como garantía para responder do servizo “**Limpeza dos CEIP Varela Buxan de Cercio, CEIP Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe, CEIP Xoaquín Loriga de Prado e Escola Unitaria de Donramiro**”.

8.2.- Acordouse a devolución e cancelación de aval depositado na Tesourería Municipal pola empresa LIMPEZA Y PULIMENTOS CARBALLO, S.L., polos importes de **1.685,95 euros e 2.479,34 euros**, como garantía para responder do servizo “**Limpeza dos CEIP Manuel Rivero e CEIP Xesús Golmar**”.

9.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.



9.1.- Acordouse **aprobar a certificación de obra núm. 3** da obra **“ACONDICIONAMENTO NOS CENTROS SOCIAIS DE MUIENTA, LOSÓN E LODEIRO”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES RAFER S.L**, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **15.863,31 €**.

10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

10.1.- INFORME EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN PATRIMONIAL PRESENTADA POR D^a GINETTE MARIE ISABELLE DURR EN RECLAMACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLA CAÍDA DUNHA ÁRBORE EN IGREXA-GOIÁS (RPP 2/2015).

Acordouse **ESTIMAR a reclamación patrimonial** presentada por interesada e recoñecer o seu dereito a ser indemnizada na cantidade reclamada, que ascende a 2.620,86 euros.

10.2.- INFORME-PROPOSTA RECLAMACIÓN DE PAGO DE DÉBEDA POR ARRENDAMENTO DE LOCAL ANEXO Á CASA CONSISTORIAL DE LALÍN AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE.

Acordouse efectuar un requirimento de pago ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar polo importe líquido de 9.694,95 € (nove mil seiscientos noventa e catro euros con noventa e cinco céntimos), correspondente ao debedamento de pago do arrendamento dun dos locais anexos á casa consistorial descrito como Finca Independente número sete.- módulo OMIX aos efectos de que, de non efectuarse, se inste o correspondente proceso xudicial por falta de pago das rentas correspondentes.

10.3.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 123,87 euros.

10.4.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.487,75 euros (IVE engadido) cun custo sen IVE de 2.882,44 euros, con destino á contratación do subministro de material e equipos de protección individual para o alumnado traballador e o persoal do obradoiro de emprego “Pazo de Liñares”, e contratar coa empresa **COFER EQUIPAMENTO INDUSTRIAL, S.L.U**, o subministro dos materiais referenciados con suxeición ao réxime dos contratos menores de subministros.



10.5.- Acordouse proceder á devolución dun importe de 15,00 euros a varios solicitantes, correspondente á liquidación do prezo público pola utilización do servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Lalín.

10.6.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.440,00 euros (IVE incluído), con destino á realización dun folleto turístico promocional do Concello de Lalín e contratar coa empresa **Alvarelos, S.L.**, a realización de dito folleto turístico promocional.

11.- CORRECCIÓN DE ERROS.

11.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 14 de setembro de 2015, no punto 8.2. Expedientes de contratación.

11.2.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 14 de setembro de 2015, no punto 11.2. Propostas dos Sres. Concelleiros Delegados.

12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

12.1.- Acordouse autorizar á **Asociación Española contra o Cancro para** a instalación dunha mesa informativa na rúa Rosalía de Castro, á altura da Praza de Abastos, o día 19 de outubro de 2015, dende as 10:00 horas ás 14:00 horas.

12.2.- Acordouse dar conta do escrito presentado por interesados ao Sr. Inspector de Obras para que realice as comprobacións pertinentes.

=====

